

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 2 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 18 de xuño de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial e se procede á súa convocatoria (procedemento IN530B).*

A Orde do 18 de xuño de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 122, do 24 de xuño, establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial e se procede á súa convocatoria (procedemento IN530B).

No seu artigo 3 precísase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das devanditas subvencións e, no seu punto 1º, sinálase que a cantidade recollida no devandito precepto poderase incrementar como consecuencia de maior dispoñibilidade orzamentaria o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 10 das bases reguladoras.

Co obxecto de poder amparar un maior número de solicitudes, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, tramítase o correspondente expediente de ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria para a anualidade 2009 consignada inicialmente para a concesión das mencionadas subvencións.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 18 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 122, do 24 de xuño), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a adquisición de equipamento industrial e se procede á súa convocatoria (procedemento IN530B).

2. O incremento da dotación será de 521.035,79 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 44.01.741A.770.2 «Achegas para a mellora da competitividade das empresas galegas» dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Unha vez efectuado este incremento, o importe total da dotación orzamentaria para a anualidade 2009 ascende a 4.215.635,79 euros.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

### Disposición adicional

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 18 de xuño de 2009.

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria